

**ANUNCIO DO PROCESO SELECTIVO PARA UNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A
DE CARREIRA DE TÉCNICO/A MEDIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (OEP 2022)
ESTRUTURA E CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN DO SEGUNDO
EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

O segundo exercicio da fase de oposición realizarase **o mércores 8 de maio de 2024** ás **10:00 horas**, no auditorio municipal de Vilagarcía de Arousa, como xa se anunciou.

Estrutura do exercicio:

1. Quince minutos de lectura do suposto práctico.
2. Sesenta minutos para o desenvolvemento do caso.
3. Lectura pública individual. O chamamento das persoas aspirantes realizarase por orde alfabética.

Criterios xerais de valoración:

1. A construción do caso, a selección da información pertinente e adecuada, ata 15 puntos
2. A coherencia e a organización das fases expostas para resolver o caso proposto, ata 15 puntos
3. O Tribunal entende que as solucións do exercicio proposto van ter unha corrección lingüística impecable, axustada á lingua estándar e cun uso correcto, preciso e variado do léxico especializado pertinente. Xa que logo, atendendo tanto ás características do posto para o que se selecciona persoal como ás tarefas de corrección e asesoramento lingüístico asociadas ao posto, o Tribunal penalizará os erros lingüísticos.

O que se fai público para xeral coñecemento

Vilagarcía de Arousa, 3 de maio de 2024

A secretaria do Tribunal

